



Convenio Marco entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Escola Galega de Administración Pública o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 5 de xuño de 2019 ata o 31 de decembro do 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente da AGACAL, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A finalidade do AGACAL é, por unha parte, ser o instrumento básico de actuación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no ámbito alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan en Galicia e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos a os que se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade.





Entre as funcións atribuídas a AGACAL encóntranse as de formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais, así como as de participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudio e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través deste convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

